
MANIFESTO DO 1º DE MAIO DE 2008

É O MOMENTO da igualdade, o salario digno e o investimento produtivo

O 1º de maio os traballadores e traballadoras estamos chamados a celebrar o Día Internacional do Traballo para reclamar, con firmeza, avances nos valores universais da Xustiza, a Liberdade, a Igualdade e a Paz, así como nos dereitos laborais e sindicais. Moitos foron os que, en distintos lugares e ao longo do tempo, loitaron para conseguir a implantación destes valores. Aínda hoxe é alarmante o número de persoas que perderon a vida ou sofren represión polas súas actividades sindicais. Reafirmamos co sindicalismo internacional, o noso compromiso cos dereitos humanos no mundo e, expresamos a máis firme solidariedade co pobo iraquí, vítima dunha guerra ilegal e inxusta; cos pobos de Sahara, Palestina ou o Tíbet e esiximos á comunidade internacional a procura de saídas urxentes aos conflitos que padecen.

Por un mundo mellor

Unha globalización máis xusta

A ordenación das migracións e a promoción do desenvolvemento sostible constitúen unha reivindicación fundamental para lograr un traballo decente para todos os traballadores e traballadoras. Os catro alicerces que o sustentan son o emprego, os dereitos dos traballadores, a protección social e o diálogo social.

A pesar de que xa fai catro décadas que se estableceu a necesidade de que os países desenvolvidos destinasen o 0,7% da súa riqueza para o desenvolvemento dos países empobrecidos, actualmente apenas se destina un 0,24% do PIB, e só cinco países de Europa chegan ao 7%. Por iso, é máis necesario que nunca un **pacto mundial contra a pobreza**, unha das reivindicacións prioritarias do movemento sindical internacional ante os gobernos.

As graves deficiencias que presenta a economía mundial son obxecto de preocupación para o sindicalismo. A riqueza que xeran os beneficios da mundialización non repercute, na súa xusta proporción, nos traballadores. Xa que logo, reclamamos aos gobernos que destinen unha maior proporción dos ingresos nacionais aos salarios, a necesidade de estipular a regulamentación e transparencia nos mercados financeiros, estimular o crecemento sostible da

economía, combater o desemprego e deter o declive das institucións sociais e dos servizos públicos.

A desaceleración da economía mundial e as demandas ao Banco Mundial e ao Fondo Monetario Internacional.

A situación que afronta a economía mundial, e o perigo dunha acusada recesión en EEUU e nos países da OCDE, fan que reivindicemos ás institucións económicas internacionais unha estratexia coordinada que inclúa o respaldo ao aumento dos salarios dos traballadores, e aos gobernos que fagan fronte aos desequilibrios estruturais que incrementan a presión negativa sobre os mesmos.

Para rematar, a preocupación polo cambio climático e a necesidade de crear “empregos verdes” para evitar as negativas consecuencias que sobre o emprego e o propio planeta ten a emisión de gases de efecto invernadoiro, son a base do plan de gran alcance exposto pola CSI para colaborar co programa de Nacións Unidas e coa OIT.

A Confederación Sindical Internacional e o seu compromiso para construír un mundo máis xusto. **Xornada Mundial polo Traballo Decente**

O movemento sindical internacional agrupado na Confederación Sindical Internacional (CSI) mantén o compromiso inquebrantable de construír un mundo mellor, onde o progreso económico responda á necesidade de acabar coa pobreza, as guerras, a inxustiza e onde as persoas teñan a oportunidade de acceder a unha vida e traballo decentes.

A CSI declarou o **7 de outubro de 2008 Xornada Mundial polo Traballo Decente**. Un chamamento mundial que inclúe sete demandas crave para os dereitos dos traballadores: dereito a organizarse; ratificar e aplicar os convenios da ONU e da OIT; brindar protección social ao 60% da poboación mundial que carece dela; cambiar as regras comerciais inxustas; avanzar no desenvolvemento sostible e coidado do medio ambiente; incrementar a axuda oficial para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e asegurar os dereitos dos traballadores migrantes.

Pola Europa social

O Tratado renovado da UE.

O reforzamento dos obxectivos da UE sobre pleno emprego, unha economía social de mercado, e a potenciación dos servizos públicos, significou un avance no texto renovado do Tratado da UE, tras o cume de Lisboa, aínda que é

necesario fortalecer a Europa social, especialmente en relación ao diálogo social e ao papel que deben desempeñar os interlocutores sociais.

O Manifesto de Sevilla

O XI Congreso da CES, celebrado en maio de 2007 en Sevilla, fixou as cinco grandes áreas nas que temos que axuntar todos os nosos esforzos:

- Un mercado laboral europeo con máis empregos, de mellor calidade, e con máis dereitos. É necesario fortalecer as directivas europeas para evitar a diminución de garantías (como a producida polas Sentenzas do Tribunal de Xustiza Europeo nos casos Laval e Viking Line).
- Fortalecer o diálogo social, as negociacións colectivas e a participación dos traballadores en cada un dos niveis de negociación
- Un goberno económico, social e ambiental europeo máis eficaz.
- Unha UE máis forte, o que supón a defensa do Tratado Constitucional, especialmente da Carta dos Dereitos Fundamentais.
- Unha CES e uns sindicatos máis fortes, o que implica traballar en aras a construír unhas organizacións máis solidarias e influentes no mundo.

Os traballadores europeos estamos cansados de que os gobernos e os empresarios pensen que a única variable de axuste en situacións de dificultade económica é a conxelación salarial ou a perda do poder adquisitivo. A experiencia acumulada demostra que estas orientacións de gobernos e empresas non serviron para crear emprego de calidade e provocaron unha distribución máis inxusta da riqueza creada, por iso, a pasada euromanifestación de Eslovenia significou un **non rotundo** a continuar sendo os únicos que soporten as consecuencias da desaceleración económica.

Pola Igualdade, salario digno e investimento produtivo

A nova lexislatura: Diálogo Social

Tras as eleccións xerais do pasado 9 de marzo, ábrese unha nova etapa na que o Diálogo Social debe seguir sendo o instrumento idóneo para abordar os cambios que necesita o noso país e facilitar o éxito das medidas que se adopten para cambiar o modelo produtivo e mellorar os dereitos sociolaborais e a protección social.

A situación de desaceleración económica que atravesamos en España, obriga a actuar de xeito decidido para paliar os efectos que en forma de destrución de emprego esta producindo e protexer aos colectivos aos que máis está afectando que

son, por outra banda, os máis vulnerables: mozos, mulleres e inmigrantes. Pero esta situación non pode enfrontarse soamente con medidas conxunturais ou de curto prazo, debemos promover cambios estruturais que saneen a nosa economía e o noso mercado laboral. **Debemos cambiar o noso modelo produtivo** e ampliar as bases do noso patrón económico, outorgando maior peso á industria e a tecnoloxía, con máis investimentos nestes campos, así como en infraestruturas, equipamentos e capital humano (educación e formación permanente dos traballadores) e garantindo bos salarios, e un SMI cada vez máis próximo á media dos países da nosa contorna e reforzar o noso sistema de protección social, Así como, para dar máis oportunidades de emprego ás persoas desempregadas, potenciar as políticas activas e revitalizar os servizos públicos de emprego.

Nesta mesma liña de traballo, en Galicia, no marco do Diálogo social avogamos por un gran pacto pola competitividade que xere o cambio do modelo produtivo co fin de que a realidade económica galega se adapte e supere a nova conxuntura marcada pola desaceleración. Este cambio de modelo pasa por maiores investimentos en I+D+I, a estruturación do territorio, o desenvolvemento sostible, garantir a creación de emprego de calidade, a cohesión social e unha aposta polos servizos públicos. Todos eles elementos necesarios para garantir a converxencia de Galicia cos países do entorno.

Demandamos do actual goberno bipartito da Xunta de Galicia, un maior compromiso coas políticas sociais, especialmente con aquelas que atinxen ao desenvolvemento da Lei de Dependencia.

De feito, **a cohesión social** constitúe o gran obxectivo ao que deben dirixirse as políticas sociais, centrando os esforzos nos colectivos máis débiles e necesitados e profundando nas políticas xa iniciadas anteriormente en materia de dependencia, igualdade entre mulleres e homes, igualdade de trato cara aos mozos, os inmigrantes, as persoas con discapacidade, conciliación da vida persoal e profesional, estabilidade no emprego, saúde e seguridade, etc .

Fortalecer as relacións colectivas de traballo, **estender e universalizar a negociación colectiva**, consolidar o modelo salarial que posibilita garantías fronte á desviación dos prezos a través das cláusulas de revisión e consolidar o papel institucional dos interlocutores sociais.

A sinistralidade laboral, os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, seguen a ser un grave problema, tanto polo número 56.820 accidentes con baixa o pasado ano, coma polas consecuencias en sufrimento e perda de vidas. A precariedade, a eventualidade, a non aplicación das normas polas empresas, as malas prácticas preventivas da Mutuas e os insuficientes medios de control por parte das administracións competentes é o que explica que os accidentes de traballo non baixen; por iso no diálogo social co goberno galego un dos nosos obxectivos foi acadar un compromiso de loita contra esta

lacta social: compromiso recollido no Plan estratéxico contra sinistralidade, do que temos que demandar e esixir o seu cumprimento.

Este ano facemos un chamamento especial á participación dos mozos que baixo as fórmulas de prácticas e bolsas realizan estancias sen dereitos nas empresas públicas e privadas do noso país. Para aqueles que están nesta situación pedimos a contratación laboral e o recoñecemento dos seus dereitos como traballadores e traballadoras.

Pola Paz: contra o terrorismo

Un ano máis a loita contra o terrorismo está presente neste 1º de maio. ETA seguiu golpeando coa súa tradicional covardía á sociedade española. Desde a solidariedade e o apoio ás familias das últimas vítimas, os gardas civís Fernando Trapero e Raúl Centeno e o compañeiro Isaías Carrasco, manifestamos o noso máis absoluto rexeitamento á barbarie terrorista, á vez que esiximos, en nome de todos os traballadores, o abandono, dunha vez por todas, do uso da violencia. Queremos recordar que coa utilización destes salvaxes métodos non conseguirá que unha sociedade democrática, como a nosa, se dobre aos seus obxectivos. As reivindicacións deste 1º de Maio son numerosas e esenciais para mellorar a calidade de vida e emprego de todos os traballadores. A masiva participación nas manifestacións, mobilizacións e actos organizados daranos a forza necesaria para conseguir que se convertan en realidade.

¡VIVA O 1º DE MAIO!